

O profesor Antonio Piñeiro conducirá un seminario sobre a vida de Xesús en Sabarís.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 04 Febreiro 2016 21:23



O catedrático especializado en lingua e literatura do cristianismo primitivo, Antonio Piñeiro dará inicio este luns 8 de febreiro un seminario que levará por título **"Investigación sobre Xesús"** . Transcorrerá de 18 a 19:30 horas no Mercado Tia Ni (Julián Valverde 36, Sabaris-Baiona).

O ciclo estará orientado a todo o publico interesado nas orixes do cristianismo na figura de Xesús de Nazaret e a súa repercusión cultural na formación do Novo Testamento nunha linguaxe sinxela e claro con posibilidade de preguntas e respostas ao final de cada sesión.

Incluirá unha introdución á metodoloxía científica, e á súa práctica, empregada para aclarar as

O profesor Antonio Piñeiro conducirá un seminario sobre a vida de Xesús en Sabarís.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 04 Febreiro 2016 21:23

orixes do cristianismo e do Novo Testamento. Fontes para o seu estudo. Análise crítica das testemuñas antigas sobre Xesús por autores cristiáns e non cristiáns nos séculos I e II. Evanxeliarios canónicos e apócrifos. O seu valor histórico. Que é o Novo Testamento.

Falarase do consenso de hoxe sobre os trazos básicos da figura de Xesus. Análise dos textos evanxeliarios por seccións utilizando uns sinopse (Presentación dos catro evanxeliarios máis antigos). Faranse fotocopias dos textos. Sínteses por apartados: Que datos históricos-críticos poden conseguirse por medio da investigación para construír o tema "Xesús de Nazaret, historia e mito"?

O seminario é gratis pero os participantes deberán abonar 10 ? ao mes para gastos xerais (incluídas fotocopias)